

ANEXO V

Don/Dona con DNI nº

en nome e representación da comunidade de bens/sociedade civil

con NIF/CIF

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que os membros que integran a comunidade de bens/sociedade civil son os que se relacionan na seguinte táboa; a porcentaxe de execución asumida por cada membro da comunidade de bens/sociedade civil e a porcentaxe de subvención que se lle vai aplicar a cada un deles son as que se indican a seguir:

NIF	NOME OU RAZÓN SOCIAL	% EXECUCIÓN	% SUBVENCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E para que así conste para os efectos de solicitar as axudas á utilización de servizos de aconsellamento polos titulares de explotacións agrarias, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de 20____
(Sinatura)

Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación das poboacións de caza menor, e se convocan para o ano 2010.

A perdiz rubia e o coello de monte son as especies cinexéticas tradicionais en Galicia. O progresivo descenso da actividade agrícola no medio rural supuxo o abandono de amplas zonas de cultivo, provocou a expansión do mato, a desaparición dos lindeiros vexetais e, como consecuencia, a perda da calidade do medio vital para estas especies contribuíndo así á regresión das poboacións. A isto hai que engadir o azoute da enfermidade hemorráxica

vírica e da mixomatose, que provocou a mingua dramática das poboacións de coello.

Os poderes públicos deben garantir a compatibilidade dos usos e actividades humanas coa conservación dos recursos naturais por medio do seu uso prudente e racional. Neste sentido, o labor da Administración autonómica, entre outros, é intentar harmonizar as actividades tradicionais e económicas coa conservación e os aproveitamentos sustentables dos recursos.

Partindo da necesidade de que o colectivo de cazadores se implique na conservación e na xestión dos recursos cinexéticos, e da obriga dos poderes públicos de garantir a compatibilidade dos usos e activi-

dades humanas coa conservación dos recursos naturais, considérase necesario manter o programa de axudas que, desde hai anos, incentiva actuacións racionais no medio natural, para propiciar a recuperación das poboacións de perdiz rubia e coello de monte autóctono.

O artigo 148.1º.11 da Constitución, así como o artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, confire á nosa comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de caza.

O Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, en relación co Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, atribúen á citada consellería, dentro das súas competencias, o fomento, a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos.

Por outra parte, a Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, establece a competencia na planificación, ordenación, fomento, vixilancia e control da caza á consellería, a cal realizará cantas actuacións considere precisas para acadar os fins da lei. Entre elas, e co fin de conservar, preservar e mellorar o hábitat natural das diferentes especies cinexéticas, a Xunta de Galicia poderá acordar as oportunas medidas de axuda para o logro do devandito obxectivo e cantas outras de carácter limitativo, correctoras ou restauradoras persigan idéntica finalidade. Desta maneira, xunto coa creación dun instrumento xurídico regulador da caza en Galicia, posibilitouse a creación dun instrumento financeiro orientado ao fomento daquelas actividades orientadas á conservación e mellora do recurso cinexético por medio dun aproveitamento sustentable.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a normativa principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e, en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto das axudas.*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas aplicable aos terreos cinexéticos para:

Modalidade A: recuperación das poboacións de perdiz rubia (*Alectoris rufa*) a través da mellora da calidade do seu hábitat.

Modalidade B: conservación e recuperación do coello de monte (*Oryctolagus cuniculus*), mediante a construción das instalacións necesarias para a súa cría en semiliberdade e a súa reintrodución no medio natural.

2. Estas axudas tramitaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-*Destino das axudas.*

1. Son actuacións subvencionables destas axudas:

a) Para a modalidade A:

Financiamento dos investimentos para a roza e trituración mecánica do mato, a emenda e/ou fertilización, sementeira de cereal e/ou leguminosa, e para a limpeza e adecuación de fontes e mananciais.

b) Para a modalidade B:

Construción das instalacións necesarias para a cría do coello de monte en semiliberdade e construción de tobeiras artificiais por aqueles beneficiarios que teñan realizadas as instalacións anteriormente mencionadas.

2. En ningún caso se subvencionarán actuacións realizadas con anterioridade á publicación desta orde.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán acollerse a estas axudas tanto os titulares de tecores galegos como as agrupacións destes que, aínda carecendo de personalidade xurídica, fagan unha solicitude conxunta. Neste último caso os terreos cinexéticos deberán ser lindeiros e estaren situados nunha mesma provincia. Para cada Tecor, só será admisible unha única solicitude.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Contía dos investimentos e das axudas.*

1. Establécense as seguintes contías subvencionables para cada unha das actuacións que se realicen:

Modalidade A:

a) Roza e trituración mecánica: 360 euros por hectárea.

b) Arada, emenda e/ou fertilización, sementeira: 600 euros por hectárea.

c) Limpeza e adecuación de fontes e mananciais: 50 euros/unidade.

Modalidade B:

a) Instalacións de cría: ata un máximo de 18.000 euros por beneficiario.

b) Construción de tobeiras: ata 6.000 euros por beneficiario cun límite de 1.500 euros por tobeira.

2. A porcentaxe da axuda poderá chegar ata o 50% do custo dos investimentos na modalidade A, fixéndose un máximo de 18.000 euros por solicitude. Na modalidade B, a porcentaxe de axuda poderá chegar ata o 100%.

3. O IVE non será subvencionable, tampouco todos aqueles gastos que figuran no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

4. Para os efectos do disposto no artigo 27.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permitirase a subcontratación total da actividade obxecto da subvención, agás cando, aumentando o custo da actividade subvencionada, non achega valor engadido ao contido dela.

5. A contía das axudas estará condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidades orzamentarias.

6. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 5º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes de subvención irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural e presentaranse no rexistro da consellería, nos dos departamentos territoriais ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo para a súa presentación, será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. Documentación que hai que presentar:

3.1. Os interesados presentarán as solicitudes de subvención conforme os modelos dos anexos I ou II, segundo se trate de titulares individuais ou de agrupacións de titulares respectivamente.

3.2. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

-Fotocopia do CIF dos beneficiarios da subvención.

-Se o titular for unha sociedade, acordo do órgano competente desta polo que se aproban as accións solicitadas e os compromisos correspondentes, no que deberá figurar, así mesmo, a persoa designada como representante daquela para os efectos da solicitude.

-No caso de agrupacións de titulares, acordos dos órganos respectivos competentes polos que se apro-

ban as accións solicitadas e os compromisos correspondentes con indicación da porcentaxe de subvención e do compromiso de execución correspondente a cada unha delas. Así mesmo, debe figurar o nome da persoa designada como representante delas para os efectos desta solicitude, anexándose o nome do titular en cuxa conta bancaria se deberá realizar o ingreso.

-Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, de ser o caso, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o modelo do anexo XI.

-Memoria valorada, que se axeite ás indicacións do anexo III e que deberá incluír como mínimo: datos do solicitante ou solicitantes; datos dos terreos cinexéticos en que se localizarán as actuacións; descrición da problemática actual do terreo cinexético en relación coa/s especie/s, xustificando a adopción das medidas propostas; descrición das actuacións que se van realizar con indicación das datas previstas, a maquinaria e man de obra que se vai empregar, orzamento detallado; orzamento total; plano de situación 1:25.000 e fotografía do SIXPAC ou planos catastrais nos que se identifiquen perfectamente as parcelas sobre as cales se actuará mediante as referencias catastrais. Sobre estes planos e fotografías deberán marcarse as parcelas nas que se vai actuar. No caso de solicitaren axudas para a modalidade B, haberá que incluír ademais unha descrición das instalacións, ou das tobeiras, segundo o caso, plan de captura ou adquisición dos reprodutores, así como de calquera outra instalación que se pretenda facer. O plan de manexo do cerramento e o programa sanitario que se aplicará acomodaranse ás especificacións do anexo IV. (Facilitarase un modelo nas dependencias dos servizos provinciais).

-Declaración responsable da dispoñibilidade dos terreos para a realización das actuacións (anexo V).

-Declaración da existencia de persoal encargado das instalacións (só para a modalidade B).

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza poderá requirir calquera documentación complementaria que considere conveniente.

4. Para a acreditación dos méritos recollidos no artigo 6º e que sexan alegados, deberán presentarse:

-Punto c) e g): será válida como xustificación a certificación do técnico ou axente do servizo provincial que comprobase no momento oportuno a realización das actuacións, logo da comunicación da sociedade ao citado servizo.

-Punto d): plano 1:25.000 sobre o cal se localizarán as zonas vedadas do Tecor. Sobre a relación do anexo V, na que se indicarán as referencias catastrais de todas as parcelas, marcaranse cun X aquelas incluídas nos vedados sobre as que se vaia actuar. Os vedados do Tecor deberán estar correctamente sinalizados sobre o terreo, conforme o disposto na normativa vixente.

-Punto e): táboas de resultados diarios das xornadas cinexéticas segundo o modelo do caderno de caza dispoñible nos servizos provinciais de Conservación da Natureza (cubrir o anexo VI).

-Punto f): copia do contrato cunha duración mínima dun ano.

-Puntos h) e i) : compromiso por escrito.

-Punto j): memoria en que se recolla a metodoloxía empregada e os resultados obtidos nos estudos levados a cabo. Deberase demostrar o uso do galego para acollerse ao incremento de puntos.

-Punto k): documentos xustificantes da realización da actividade (convocatoria, anuncio publicitario, documentación entregada...) dos cales se deduza o contido e duración desta. Deberase demostrar o uso do galego para acollerse ao incremento de puntos.

5. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado, segundo o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Esta comprobación efectuarase tanto antes de ditar resolución de concesión como da tramitación do pagamento. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

6. No caso de solicitar axudas por un importe subvencionable superior a 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, segundo o establecido no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-Criterios obxectivos para a adxudicación das axudas.

A orde de prelación para a concesión das subvencións establecerase de forma independente para cada liña de actuación das recollidas nos puntos a) e b) do artigo 2º.1 e basearase na puntuación acadada por cada solicitude, de acordo coas seguintes prioridades:

Criterios de avaliación das actividades subvencionables	Modalidade	Puntos
a) Superficie do Tecor ou agrupación de tecores mínima de 5.000 ha	A	0,5 puntos/5.000 ha
	B	Non avaliable
b) Melloras do hábitat da perdiz recollidas expresamente no Plan de ordenación e que se axusten ás subvencionables segundo esta orde.	A	Rozas: 1 punto Sementeirás: 1 punto Acondicionamento de fontes: 0,5 puntos
	B	Non avaliable

Criterios de avaliación das actividades subvencionables	Modalidade	Puntos
c) Melloras do hábitat da perdiz, coincidentes coas subvencionables segundo esta orde, realizadas nos últimos cinco anos.	A	Ata 3 puntos/ano de actuación
	B	Non avaliable
d) Superficie de melloras para as que se solicita a axuda que estean situadas nas zonas vedadas do Tecor.	A	1 punto/ha
	B	Non avaliable
e) Participación no sistema de seguimento das especies cinexéticas de caza menor na última tempada, medida pola porcentaxe de cazadores da sociedade que participan neste.	A e B	10 a 25% => 5 puntos >25% a 50% => 10 puntos >50% => 15 puntos
	A	Non avaliable
f) Acreditación de que se dispón de persoal que se ocupe do manexo das instalacións mediante contrato de duración mínima dun ano.	A	Non avaliable
	B	10 puntos
g) Todas as actuacións realizadas no Tecor, ao longo do ano 2009, encamiñadas a acadar a recuperación e mantemento das poboacións do coello de monte.	A	Non avaliable
	B	Limpezas de mato: ata 10 puntos Repoboacións con sistemas de adaptación previa: ata 10 puntos Instalación de tobeiras: ata 15 puntos Sementeirás: ata 15 puntos
h) Compromiso de non repoboar con coellos adquiridos en granxas de gaiolas ou traídos de fóra de Galicia.	A	Non avaliable
	B	20 puntos
i) Compromiso de peche definitivo, acordado pola asemblea xeral de socios, das instalacións do Tecor dedicadas á cría en gaiola do coello de monte, nun período taxado (realizárase unha inspección previa da existencia e funcionamento e unha inspección final do peche definitivo destas instalacións).	A	Non avaliable
	B	20 puntos
j) Realización de estudos sobre a situación das poboacións de calquera especie cinexética do Tecor, nos últimos cinco anos (só se valorará un estudo neste período). Cando o estudo estea feito en galego, incrementarase a puntuación en 5 puntos.	A e B	Ata 15 puntos
	A e B	Duración < 3 horas: 10 puntos Duración 3-6 horas: 15 puntos Duración > 6 horas: 20 puntos
k) Realización de xornadas, cursos de formación e información aos cazadores orientados a divulgar os criterios básicos para o aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e a normativa aplicable. Cando a actividade estea feita en galego, incrementarase a puntuación en 5 puntos.	A	10 puntos
	B	30 puntos
l) Por non ter concedidas axudas en convocatorias anteriores para as mesmas actuacións que solicita nesta convocatoria.	A e B	5 puntos
	A e B	5 puntos

Artigo 7º.-Tramitación.

1. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural comprobaran que as solicitudes cumpren cos requisitos exixidos e que se acompañan dos documentos sinalados.

Se a solicitude de axuda non reúne algún dos requisitos exixidos nesta orde, o servizo provincial requirirá ao solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falta ou remita os documentos preceptivos, indicándolle que, de non facelo, se terá por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. En todas as solicitudes de actuacións consideradas subvencionables, o persoal técnico do correspondente servizo provincial, realizará unha inspección previa, na cal se observará se a acción ou proxecto se axusta á realidade física e económica e, que cumpre cos requisitos exixidos no anexo III da orde. Así mesmo, certificarase que os investimentos non están realizados con data anterior á da publicación desta orde.

3. Examinadas as solicitudes e a documentación presentada, os servizos provinciais de Conservación da Natureza enviarán os expedientes completos no prazo de 40 días naturais a partir da data final de presentación de solicitudes, acompañados dun informe administrativo sobre o cumprimento dos requisitos sinalados nesta orde. Posteriormente procederase á súa baremación conxunta na Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas por parte dunha comisión que establecerá a puntuación mínima que deben acadar os solicitantes para obter a condición final de beneficiarios segundo as actuacións solicitadas, tendo en conta o límite orzamentario para cada liña das recollidas no artigo 2º desta orde. Deste xeito, resultarán tres listas de beneficiarios, unha para actuacións de mellora do hábitat de perdiz rubia, outra para a construción das instalacións necesarias para a cría do coello de monte en semiliberdade, e outra para a construción de tobeiras artificiais. A comisión de valoración presidirá o titular da Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, ou persoa en quen delegue. Ademais, serán membros da citada comisión os titulares das xefaturas de servizo e área competentes en materia de recursos cinexéticos nos servizos centrais. Este último actuará como secretario.

4. A Administración autonómica procurará unha repartición xeográfica equilibrada dos cerramentos para coello de monte, co obxecto de propiciar o efecto divulgador da eficacia deste tipo de instalacións. Para tal efecto, terase en conta este criterio para resolver as posibles situacións de igualdade que se puideren dar entre as solicitudes que se presenten para este tipo de actuación.

Artigo 8º.-*Resolución e recurso.*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde corresponde ao conselleiro do Medio Rural. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras das axudas recollidas nesta orde.

2. Na resolución que se dite especificaranse os investimentos subvencionables, a porcentaxe de subvención, o importe da subvención concedida, os prazos de execución e as condicións xerais e particulares da subvención e esta será notificada a cada un dos solicitantes no prazo máximo dun mes desde a sinatura desta.

3. O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a entrada en vigor da orde.

4. A resolución ditada, segundo o disposto no punto 1 deste artigo, poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición diante do conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e 46 da

Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-*Aceptación da axuda concedida.*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado polo beneficiario no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que o beneficiario non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 10º.-*Compatibilidade.*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para a mesma finalidade, sempre que a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos, conforme o establecido no artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Publicidade da resolución.*

1. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza ordenará a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas con expresión da convocatoria, do programa e o crédito orzamentario a que se imputan, dos beneficiarios, da cantidade concedida e da finalidade ou finalidades da subvención.

2. De conformidade co punto 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

3. De acordo co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as resolucións de concesión da subvención e as sancións derivadas do incumprimento das súas normas reguladoras, incluíranse nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións, dependentes da Consellería de Facenda, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia. Os datos incorporados a estes poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado. No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas, segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non lle fagan públicos os seus datos.

4. Así mesmo, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa existencia de publicidade da axuda concedida segundo o disposto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. As obras obxecto de subvención deberán contar no momento do seu comezo coas licenzas e autorizacións preceptivas, se estas for necesarias.

2. A aprobación da subvención implicará o compromiso dos solicitantes de executar as accións indicadas nas condicións propostas. A execución das actividades obxecto de axuda deberá realizarse na extensión e coas condicións técnicas recollidas na memoria e, en todo caso, axustarase aos termos recollidos na resolución.

3. A finalidade ou función da actividade ou obra deberase manter durante un prazo mínimo de 5 anos, de conformidade co establecido no artigo 29.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O prazo para realizar as inversións obxecto da subvención rematará o 20 de setembro de 2010, sempre que na resolución aprobatoria non se dispoña doutro prazo diferente. Excepcionalmente, o director xeral de Conservación da Natureza, poderá conceder, por delegación do conselleiro e antes de que remate o período de execución, unha prórroga dentro dos límites establecidos no artigo 49.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Os beneficiarios deberán conservar polo menos durante 5 anos os documentos acreditativos da aplicación dos fondos recibidos, segundo o artigo 11 g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-Xustificación dos gastos.

1. Con carácter xeral, e salvo ca resolución de concesión da axuda dispoña o contrario, o prazo para xustificar o remate das actividades e o pagamento dos conceptos correspondentes a elas, finalizará o día 30 de setembro de 2010. No en tanto, poderase conceder, por petición xustificada do interesado realizada antes da finalización do prazo establecido sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo de xustificación das axudas que non excederá da metade do prazo inicialmente previsto.

2. A Consellería do Medio Rural comprobará a realización efectiva das actuacións obxecto da subvención e o cumprimento da finalidade, e asistirá tecnicamente aos adxudicatarios das axudas da modalidade B para que as técnicas de reprodución, cría e reintrodución sexan aplicadas coa maior corrección, todo iso de conformidade co establecido

no artigo 30.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Para a xustificación do investimento obxecto de axuda e solicitude do pagamento desta, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento segundo o anexo VIII.

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia. Esta memoria axustarase ao modelo do anexo IX.

b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, segundo o modelo do anexo X.

c) Facturas orixinais ou copias compulsadas destas xunto cos extractos de contas ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario, de xeito que quede acreditada a efectiva realización dos pagamentos.

d) Unha declaración doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, de ser o caso, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o modelo do anexo XI, con data posterior á resolución de concesión da subvención.

e) Certificación bancaria de ter aberta unha conta a nome do beneficiario da axuda, con expresión do seu CIF e o número de conta segundo o anexo XII. Aqueles beneficiarios aos que se teña aboado a subvención no exercicio pasado, e non cambiaran desde entón a súa conta bancaria, non precisan presentar de novo esta certificación para percibir a axuda desta orde.

4. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza comprobarán a documentación e engadirán as certificacións sobre o grao de execución das actividades subvencionadas e sobre a adecuación destas ao anexo III e á documentación que serviu de base para ao outorgamento da axuda.

5. Vista a certificación final das obras coa documentación presentada e o informe do servizo provincial correspondente, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza fará, de ser o caso, proposta de pagamento da subvención concedida.

Artigo 15º.-Modificación das actividades subvencionadas.

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa do director xeral de Conservación da Natureza, por delegación do conselleiro do Medio Rural, logo de informe favorable do servizo provincial correspondente. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que deberase presentar con quince días hábiles de antelación á súa realización, segundo o modelo do anexo VII.

Artigo 16º.-*Pagamento.*

1. O pagamento corresponderase co importe que resulte de aplicar a porcentaxe da axuda aos gastos subvencionables. Excepcionalmente, por resolución do director xeral, poderá subvencionarse só unha parte dos gastos aprobados sempre que se xustifique documentalmente o motivo de non ter realizado o total do gasto, que a parte executada constitúa unha unidade operativa independente e sempre que se manteñan as condicións recollidas no anexo III. Neste caso, aplicarase a correspondente minoración.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e teña pendente de pagamento algunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro, de acordo co disposto no artigo 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-*Revogación.*

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a esixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos casos e termos previstos no artigo 33 desta lei.

2. En todos os supostos anteriormente citados, e por proposta do director xeral de Conservación da Natureza, após o informe previo do servizo provincial, e despois de audiencia ao interesado, o conselleiro do Medio Rural poderá revogar, total ou parcialmente, as axudas que foron concedidas no seu día e declarará a obriga de reintegrarlle á Xunta de Galicia as cantidades percibidas, co aboamento dos xuros de demora fixados pola lei.

Artigo 18º.-*Financiamento.*

As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería do Medio Rural con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.541 B. 781.0, código de proxecto (2010 00954), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, ata un importe de cento trinta mil euros (130.000 €) para a modalidade A, e outros cento trinta mil (130.000 €) para a modalidade B para o exercicio orzamentario. No caso da modalidade B, dos 130.000 euros, 108.000 euros, destinaranse inicialmente a subvencionar as actuacións recollidas no artigo 4º.1 modalidade B letra a) e 22.000 euros ás recollidas na letra b) do mesmo artigo, sen prexuízo de que, unha vez atendidas todas as solicitudes para cada liña de actuación, se poida utilizar o posible orzamento sobranante nunha delas para atender solicitudes na outra.

O devandito importe inicial poderase incrementar con achegas adicionais despois da oportuna tramitación orzamentaria, axustándose ao disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-*Control das actividades subvencionadas.*

A Consellería do Medio Rural poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron

concedidas. En consecuencia, os servizos da Consellería do Medio Rural poderán facer visitas e inspeccións nos lugares onde se realizasen actividades, mesmo con carácter previo á concesión das axudas, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consonte o establecido no artigo 30.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 20º.-*Obriga de facilitar información.*

Os beneficiarios están obrigados a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería do Medio Rural, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21º.-*Disposicións xerais.*

O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposicións adicionais

Primeira.-Delegación de funcións.

Delégase no secretario xeral o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 8º.1, de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Expediente anticipado de gasto.

Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Deste xeito, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2010, no momento da resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



XACOBEO
2010

PROCEDEMENTO	AXUDAS ECONÓMICAS PARA A CONSERVACIÓN DAS POBOACIÓNS DE CAZA MENOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	MR723A	DOCUMENTO	SOLICITUDE
--------------	---	------------------------	---------------	-----------	-------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

TECOR					
ENTIDADE			CIF		
ENDEREZO SOCIAL		LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO			

REPRESENTANTE

NOME			CIF/NIF		
ENDEREZO		LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO			

OBXECTO DA SOLICITUDE

<input type="checkbox"/> MODALIDADE A: recuperación das poboacións de perdiz rubia (<i>Alectoris rufa</i>) a través da mellora da calidade do seu hábitat.	<input type="checkbox"/> MODALIDADE B: conservación e recuperación do coello de monte (<i>Oryctolagus cuniculus</i>), mediante a construción das instalacións necesarias para a súa cría en semiliberdade e a súa reintrodución no medio natural.
---	--

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

MODALIDADE A	CANTIDADE		UNIDADE	IMPORTE SEN IVE
ROZA DE MATOGUEIRA			Ha	
SEMENTEIRA DE			Ha	
LIMPEZA DE FONTES			Ud	
MODALIDADE B	M ² / N°			IMPORTE SEN IVE
PECHE LATERAL				
PECHE SUPERIOR				
TOBEIRAS ARTIFICIAIS EN INSTALACIÓNS DE CRÍA				
PRADARÍA				
REGA				
CAPTURADOIROS				
COMEDIROS				
TOBEIRAS ARTIFICIAIS				

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- FOTOCOPIA DO CIF/NIF DO SOLICITANTE DESTINATARIO DA SUBVENCIÓN.
- ACORDO OU ACTA DO ÓRGANO COMPETENTE DA SOCIEDADE OU ASOCIACIÓN.
- DECLARACIÓN CONXUNTA DAS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO FIN, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES (ANEXO XI).
- MEMORIA TÉCNICA DO PROXECTO.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DA DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS (ANEXO V).
- ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS PREVISTOS NO ARTIGO 6º.
- DECLARACIÓN DA EXISTENCIA DE PERSOAL ENCARGADO DAS INSTALACIÓNS.
- OUTROS.

-Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. Así mesmo, expresa o seu consentimento respecto da autorización implícita prevista no artigo 5º.5 desta orde.

-En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación das poboacións de caza menor e se convocan para o ano 2010.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOAL QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir poa Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- FOTOCOPIA DO CIF/NIF DO SOLICITANTE DESTINATARIO DA SUBVENCIÓN.
- ACORDO OU ACTA DO ÓRGANO COMPETENTE DAS SOCIEDADES OU ASOCIACIÓNS.
- DECLARACIÓN CONXUNTA DAS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO FIN, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES (ANEXO XI).
- MEMORIA TÉCNICA DO PROXECTO.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DA DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS (ANEXO V).
- ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS PREVISTOS NO ARTIGO 6º.
- DECLARACIÓN DA EXISTENCIA DE PERSOAL ENCARGADO DAS INSTALACIÓNS.
- OUTROS.

-Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. Así mesmo, expresa o seu consentimento respecto da autorización implícita prevista no artigo 5º.5 desta orde.

-En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación das poboacións de caza menor e se convocan para o ano 2010.

SINATURA DO A SOLICITANTE OU PERSO A QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir poa Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Consellería do Medio Rural. Servizo de Conservación da Natureza

ANEXO III

1. Indicacións xerais básicas ás que deben axustarse as actuacións de mellora do hábitat de perdiz rubia.

A zona do Tecor na que se localicen as actuacións deberá ter unha superficie mínima de 200 ha de mato.

As rozas realizaranse en pequenas parcelas de 0.5 a 1 ha dispersas pola superficie.

Os restos da roza serán triturados mecanicamente ou, se non fora tecnicamente posible, serán amoreados.

Estas rozas deben ir acompañados da sementeira dun cereal de inverno e/ou unha leguminosa, nunha porcentaxe mínima do 50% da superficie total rozada. A preparación do terreo tras a roza consistirá nun pase de grada de discos e unha encalaxe coa maior antelación posible á sementeira. A colleita obtida quedará no monte para o seu aproveitamento pola fauna.

Respectarase pés illados de mato alto (por exemplo, de máis de 1 m de altura) e pequenas manchas de mato de pouca altura coa finalidade de achegar heteroxeneidade e refuxio nas zonas de actuación.

Nas limpezas e acondicionamento de fontes evítase que estes queden totalmente despexados de cobertura vexetal coa finalidade de non favorecer a predación sobre as aves nestes lugares.

Evítanse as actuacións en superficies xeométricas de lindeiros lineais.

As actuacións obxecto de axuda non poderán realizarse nos meses de xuño, xullo e agosto para evitar posibles prexuízos tanto á cría da perdiz como doutras especies animais presentes na zona.

As actuacións en terreos incluídos nun espazo natural protexido, segundo a normativa vixente, non poderán ser contraditorias co determinado na norma reguladora que o atinxa e, en todo caso, deberán contar co informe favorable do Servizo Provincial de Conservación da Natureza. En ningún caso serán aprobadas actuacións previstas nos hábitats prioritarios recollidos no anexo I da Directiva 92/43, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

2. Indicacións xerais básicas ás que deben axustarse os proxectos de produción e cría de coellos de monte en réxime de semiliberdade.

Os terrenos dedicados á cría de coellos en semiliberdade terán entre 2.500 e 3.500 m², incluíndo os cerrados de produción principal e de apoio.

Os cerrados estarán rodeados por un valo dunha altura no inferior aos dous metros, que impida tanto a entrada doutros animais, especialmente predadores, ou persoas, como a saída dos coellos. Ademais débese profundar no chan máis de medio metro, ou ata atopar un substrato dificilmente escavable. A gabia escavada encherase cunha cimentación de formigón, ou ben enterrarase unha malla metálica. Poderase incluír un peche superior de malla de rede para minimizar a depredación.

O cerrado de produción principal terá dúas partes, unha de alimentación e outra de refuxio, separadas

por un valado con pasos que poidan pecharse a vontade.

A zona de alimentación ocupará o 90% do cerrado principal e disporá dunha pradeira para a alimentación dos coellos, na que se instalarán bebedoiros e comedoiros e que contará con algunha estrutura de refuxio provisional que facilite a captura dos animais. A pradeira sementarase unicamente con gramineas perennes de porte baixo, evitando as especies propias de prados de sega. Disporá necesariamente dun sistema de rega.

Na zona de refuxio instalaranse cando menos 6 tobeiras artificiais, onde os coellos poidan construír as súas tobas de cubil e cría. As tobeiras artificiais terán unha estrutura piramidal, duns 20-30 m² de base e uns 2 m de altura, composta de pedras ou raíces de árbores co tamaño suficiente como para deixar ocos entre elas e cubertas de terra en abundancia. A terra empregada debe ser rica en materia orgánica.

O cerrado de apoio terá unha superficie mínima de 500 m², cunhas características similares á zona de alimentación do cerrado principal.

3. Directrices xerais para a construción de tobeiras artificiais.

A construción das tobeiras realizarase a partir de materiais naturais que se van superpoñendo en diferentes fases da construción sobre unha estrutura de palés de madeira, obténdose unha estrutura circular ou elíptica.

Construiranse con catro pisos de catro ou seis palés cada un que se colocan directamente sobre o chan sen necesidade de escavación previa.

Os palés serán robustos e cun grosor de polo menos dous centímetros. As dimensións oscilarán entre 110 e 130 cm de lado e deberán estar totalmente pechados na súa parte superior, para evitar que a terra penetre no interior da tobeira (no caso de aberturas moi amplas colocarase sobre eles unha tea estopa para reducir o paso de terra). En ningún caso se empregará material plástico para esta finalidade.

Estas tobeiras terán polo menos dúas entradas para facilitar a introdución dos coellos e a entrada e saída ata que os animais constrúan novas bocas.

As entradas poden ser tubos robustos de PVC ou similar duns 120 cm de lonxitude e dun diámetro interior de polo menos 12 cm, que conecten co interior dalgún dos pisos de palés. Estes tubos colocaranse de maneira que sobresaian uns 30 cm da tobeira (tamén poden deixarse cunha maior lonxitude, por exemplo 50 cm ou máis, para que así non queden cubertos con terra durante a construción), posteriormente, xusto antes da introdución de coellos, procederase a recortar o sobrante. É moi importante que estes tubos estean horizontais e que as entradas se manteñan cerradas durante o proceso de construción e ata a introdución dos coellos.

Ao redor dos palés e a uns 100 cm de distancia dos seus bordes disporase unha barreira de contención duns 50 cm de altura, constituída por pedras e/ou troncos, para a suxeición dos diferentes materiais que constituen a tobeira. Esta barreira pode refor-

ANEXO VI

PROCEDEMENTO	AXUDAS ECONÓMICAS PARA A CONSERVACIÓN DAS POBOACIÓNS DE CAZA MENOR	DOCUMENTO	ACREDITACIÓN DE MÉRITOS
--------------	---	-----------	--------------------------------

- Entidade/s solicitante/s:

- Nº de cazadores de menor na/s sociedade/s con licenza en vigor

- Cadernos de caza debidamente cubertos e entregados no servizo provincial:
 (indicar o número) cadernos entregados correspondentes a un total de cazadores.

Data de entrega:

Lugar e data
 _____, de _____ de _____
 (sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.:

ANEXO VII

PROCEDEMENTO	AXUDAS ECONÓMICAS PARA A CONSERVACIÓN DAS POBOACIÓNS DE CAZA MENOR	DOCUMENTO	XUSTIFICACIÓN MODIFICACIÓN ACTIVIDADES
--------------	---	-----------	---

CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE PROXECTADA	CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE EXECUTADA	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Lugar e data
 _____, de _____ de _____
 (sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.:

ANEXO VIII

PROCEDEMENTO	AXUDAS ECONÓMICAS PARA A CONSERVACION DAS POBOACIÓNS DE CAZA MENOR	DOCUMENTO	XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO
--------------	---	-----------	--

DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
DOMICILIO SOCIAL	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E na súa representación:

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF/NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SOLICITA:

O pagamento correspondente á axuda concedida, para o que presenta a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria xustificativa das actuacións segundo o modelo do anexo IX da orde.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade segundo o modelo do anexo X da orde.
- Xustificantes do investimento orixinal ou copia compulsada das facturas correspondentes aos investimentos subvencionados, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio e a data límite de xustificación.
- Xustificantes do pagamento: orixinal ou copia compulsada de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.
- Declaración do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, segundo o modelo XI da orde.
- Certificación expedida pola entidade bancaria na que se sinala o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento (anexo XII da orde).

Lugar e data

_____, de _____ de _____
(sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.:

ANEXO IX

PROCEDEMENTO	AXUDAS ECONÓMICAS PARA A CONSERVACION DAS POBOACIÓNS DE CAZA MENOR	DOCUMENTO	MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS ACTUACIÓNS
--------------	---	-----------	---

DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF
DOMICILIO SOCIAL		LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL		
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

E na súa representación:

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF/NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL		
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

RESUMO DAS ACTUACIÓNS APROBADAS E REALIZADAS

CONCEPTO SUBVENCIONADO	UNIDADES APROBADAS (ha o uds)	CONTÍA DA SUBVENCIÓN APROBADA	UNIDADES REALIZADAS E XUSTIFICADAS	IMPORTE DO INVESTIMENTO REALIZADO E XUSTIFICADO
ROZA DE MATOGUEIRA				
SEMENTEIRAS				
LIMPEZA DE FONTES				
PECHE LATERAL				
PECHE SUPERIOR				
TOBEIRAS ARTIFICIAIS EN INSTALACIÓNS DE CRÍA				
PRADARÍA				
REGA				
CAPTURADOIROS				
COMEDOIROS				
TOBEIRAS ARTIFICIAIS				
TOTAL				

Estas actuacións foron realizadas cumprindo as condicións impostas no anexo III da orde reguladora das axudas.

<p>Lugare data</p> <p style="text-align: center;">_____, de _____ de _____</p> <p style="text-align: center;">(sinatura do solicitante ou representante)</p> <p>Asdo.:</p>

ANEXO XII

PROCEDEMENTO	AXUDAS ECONOMICAS PARA A CONSERVACION DAS POBOACIÓNS DE CAZA MENOR	DOCUMENTO	CERTIFICACIÓN BANCARIA
--------------	---	-----------	-----------------------------------

EXPEDIENTE

TITULAR A CONTA		ENDEREZO: RÚA OU PRAZA E LUGAR		
CIF		PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO				
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE	
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL		

CERTIFICO

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número da conta.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Orde do 22 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan para 2010 axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

As industrias agrarias teñen carácter estratéxico para Galicia por favorecer a viabilidade das explotacións agrarias e do tecido económico das zonas rurais que as rodean, fomentan ademais a creación e mantemento do emprego, así como a fixación da poboación desas zonas. Por iso, é necesario promo-

ver o seu desenvolvemento e mellorar a súa competitividade, que está condicionada en moitos casos polas dificultades existentes para a comercialización das producións en mercados cada vez máis abertos e que exixen maiores esforzos en coñecemento e promoción.

Nese sentido, esta orde establece unha liña de apoio durante o ano 2010 aos investimentos das industrias agrarias para realizar actuacións de promoción e mellora da comercialización das súas producións, e dirixida especificamente a fomentar a